Polo tanto, para cumprir coa súa función, empregaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Avaliación inicial utilizarémolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento estarán centradas nos contidos centrais das distintas UU.DD e as actividades de Avaliación valorarán o grao de adquisición dos diferentes contidos. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzo, que empregaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que empregaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que empregaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñaremos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias empregadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

6. COMUNICACIÓN CO ALUMNADO:

A comunicación entre alumnado-profesorado sera bidireccional. Os canais a empregar para o intercambio de información serán verbais, visuais e kinestésico-táctiles.

A maiores das medidas ordinarias de seguridade, que se teñen en conta na selección dos contidos, na metodoloxía, e na organización, quero facer referencia á necesidade de empregar indumentaria axeitada nas clases de educación física e de retirar todo tipo de aneis, pendentes, etc. que poidan supor risco de lesión para o propio alumnado e para ós seus compañeiros/as.

7. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

Entrada e Saída da aula: A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

Cambio de Roupa: O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

Hábitos Hixiénicos: Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

Recollida e colocación do Material: O material embregado na sesión será colocado e recollido por quendas polo alumnado participante na sesión.

8.- ESTRATEXIAS A SEGUIR PARA A ADQUISICIÓN DE HÁBITOS E COÑECEMENTOS FÓRA DA AULA:

Cabe recordar que unha das finalidades básicas do proceso de ensinanza-aprendizaxe é que o alumnado sexa autónomo á hora de construír as súas propias aprendizaxes. Unha das mellores maneiras para conseguilo e adquirindo o hábito no emprego de material diverso que lle facilite este proceso. Por tal motivo, dende o departamento de educación física, se lles facilitará ó alumnado o acceso á aula virtual do centro. Este espazo permitirá reforzar e ampliar os coñecementos das sesións de clase. Neste espazo virtual, o alumnado terá á súa disposición material de traballo para desenvolver os contidos da aula, material de apoio para reforzar eses contidos e material de consulta e ampliación. Ademais poderán consultar aspectos relacionados coa programación, as cualificacións e os progresos que van acadando ao longo do curso. Daráselles información, o máis precisa posible, para que de forma autónoma a empreguen en función das súas necesidades, motivacións e intereses persoais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instalacións deportivas: Un ximnasio (18 x 7 m.), un pavillón municipal cuberto, un patio exterior con dúas pistas polideportivas.
Material diverso para traballar Bádminton: raquetas, voantes.
Material específico dos diferentes deportes tradicionais: billardas, canicas, cordas, tabas, panos, buxainas.
Material específico para traballar os deportes colectivos: balóns de fútbol, sticks, bolas de floorball, balón de voleibol.
Material específico para traballar as actividades ximnásticas: colchonetas finas, colchonetas quitamedos, bancos suecos.
Material específico para as prácticas de RCP facilitado polo CFR de Pontevedra: maniquies.
Material común para a parte práctica de todas as unidades didácticas: conos, picas, petos.
Material común para a parte teórica de todas as unidades didácticas: pizarra, proxector.
Equipamento deportivo: Porterías, espaldeiras, redes, postes.
Aula Virtual do centro/moodle.
Material bibliográfico do departamento e da biblioteca.

Facilitaráselle ao alumnado todo o material incluído na programación a excepción da raqueta de bádminton e os voantes que deberán ser adquiridos por cada alumno/a.

Na Aula Virtual, o alumnado terá á súa disposición material de traballo para desenvolver os contidos da aula, material de apoio para reforzar eses contidos e material de consulta e ampliación. Ademais poderán consultar aspectos relacionados coa programación, as cualificacións e os progresos que van acadando ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as dúas primeiras semanas de clase adicarase unha sesión semanal a facer actividades de avaliación inicial que sirvan para comprobar en que medida o alumnado executa a nivel xeral as competencias adquiridas o curso anterior (necesarias para o seguimento da programación).

Ao inicio de cada Unidade Didáctica realizarase unha avaliación inicial durante a primeira sesión para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

Os instrumentos para realizar dita avaliación dependerá de cada Unidades Didáctica e pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Entrevista oral.
- Preguntas sobre coñecementos previos.
- Cuestionario escrito.
- Probas específicas.

Unha vez corrixidas as actividades de avaliación inicial atendendo aos criterios de cualificación, o docente contará cunha referencia para adecuar o nivel de esixencia dos criterios de avaliación e as orientacións metodolóxicas ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

As tarefas de avaliación inicial vanse a orientar na seguinte dirección:

- 1.- Identificar con claridade problemas de aprendizaxe do noso alumnado a comezos de curso. Para iso levarase a cabo unha proba escrita na que se tratará de avaliar non tanto o que lembran ou non o noso alumnado de etapas anteriores senón o seu nivel competencial á hora de interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos da nosa disciplina.
- 2.- Valorar o grao de desenvolvemento individual nos seguintes aspectos: comprensión, capacitación motriz, resolución de problemas e comunicación. Os instrumentos empregados neste caso serán test de condición física e unha rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade individual
- 3.- Valorar aspectos relacionados co grupo: motivación-intereses do alumnado, actitude-colaboración e comunicación. O instrumento empregado neste caso será unha rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	10	12	14	12	12	8	6	15	9
Proba escrita	0	0	20	20	20	0	0	0	20	20
Táboa de indicadores	100	100	80	80	80	100	100	100	80	80

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	12
Táboa de indicadores	88

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 10 UDD. Estas están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2 (6%), 3 e 4 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 34%; 5, 6, e 7 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 32% e a 2 (4%), 8, 9 e 10 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 34%. No número de sesións asignado a cada UD contéplanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 50%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

No caso de recuperar algunha UD antes de ter lugar a sesión de avaliación trimestral, terase en conta a nova cualificación para o cálculo da nota desta. No caso de que o alumnado recuperara algunha UD pasada a avaliación trimestral, a cualificación da UD terase en conta para recalcular a nota final previa a avaliación final.

A avaliación final da materia, obterase calculando a media ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10 e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas (poderán ser probas tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento) e/ou traballos escritos realizadas na Aula Virtual.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas e baremos, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesións, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas de cada trimestre: Proporase ao alumnado que non as superou actividades de recuperación. De non superalas, quedarán pendentes de recuperar, sempre e cando o alumnado non aprobe o trimestre. No caso de que aprobe o trimestre as UD daránse por superadas.

Ao alumnado que, despois de realizada a media ponderada das tres avaliacións, non acade unha nota igual ou superior a 5 realizará as probas que ten pendentes de recuperar durante o mes de xuño. As novas puntuacións que acade nese período (sempre que sexan superiores ás que tiña anteriormente), serán incorporadas na avaliación correspondente para o cómputo da puntuación do trimestre e, tamén para o cómputo da nota final. Unha vez incorporadas as novas puntuacións á folla de cualificacións, se a nota media ponderada dos trimestres e igual ou superior a cinco puntos, o/a alumno/a superará a materia.

O alumnado que teña aprobada a materia dos tres trimestres tamén terá a oportunidade, durante o mes de xuño de mellorar a súa nota final mediante tarefas de ampliación no contido que teña a cualificación máis baixa e fixada pola profesora. As novas puntuacións que acade nese período (sempre que sexan superiores ás que tiña anteriormente), serán incorporadas na avaliación correspondente para o cómputo da puntuación do trimestre e, tamén para o cómputo da nota final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado de cursos superiores que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información (Artigo 51 da Orde do 8 de setembro do 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes do Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación):

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

Farase un calendario para desenvolver o seguimento das tarefas propostas no plan de recuperación. Neste calendario estableceranse tamén as datas das probas para superar os contidos en cada un dos trimestres, e o tipo das mesmas. Os pesos totais de cada trimestre e os instrumentos de avaliación utilizados quedan da seguinte maneira:

1º Trimestre: 34% da nota final.

UD 1 : Táboa de indicadores (100%)

UD 2: Táboa de indicadores (100%)

UD 3: Táboa de indicadores (80%) e probas escritas (20%).

UD 4: Táboa de indicadores (80%) e probas escritas (20%).

2º Trimestre: 32% da nota final.

UD 5: Táboa de indicadores (80%) e probas escritas (20%).

UD 6: Táboa de indicadores (100%)

UD 7: Táboa de indicadores (100%)

3º Trimestre: 34% da nota final.

UD 2 : Táboa de indicadores (100%)

UD 8: Táboa de indicadores (100%)

UD 9: Táboa de indicadores (80%) e probas escritas (20%).

UD 10: Táboa de indicadores (80%) e probas escritas (20%).

A proba será preferentemente práctica (80% da nota), aínda que para superar algún dos contidos proporanse tarefas orais ou escritas de carácter teórico (20% da nota).

O valor numérico da nota irá desde o 1 ao 10 e para aprobar a materia o alumnado deberá acadar unha puntuación de 5 ou superior.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade en Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

Tendo en conta o Plan de Orientación do centro para este curso as medidas que se levarán a cabo desde materia de Educación Física cos alumnos/as con N.E.A.E serán:

TDAH (3)----- Reforzo educativo na aula e Protocolo TDAH.

Alumnado TDA (1) ----- Refuerzo educativo na aula e Protocolo TDAH.
 Alumnado DA (4) -----Refuerzo educativo na aula.
 Alumnado con Dislexia (3)-- Refuerzo educativo na aula, Protocolo Dislexia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMPRENSIÓN AUDIOVISUAL			X	X	X	X		
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL			X	X	X	X	X	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL						X	X	X
ET.6 - FOMENTO DEL ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X					X	X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE						X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X
ET.3 - COMPRENSIÓN AUDIOVISUAL	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL		
ET.6 - FOMENTO DEL ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO		X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE	X	

Observacións:

A comprensión de lectura traballarase en todas as UU.DD. a través da proposta de lecturas que aborden a temática da U.D.

A expresión oral valorarase nas exposicións que deba facer o alumnado, así como na dirección de partes das sesións de clase (quecemento, por exemplo).

A expresión escrita traballarase a través das tarefas de redacción, recensión e nas probas escritas.

A comunicación audiovisual traballarase nas tarefas propostas ao alumnado sobre contidos da U.D.

A competencia dixital traballarase tanto a través do uso da aula virtual, como das aplicacións que se empreguen para desenvolver os contidos das diferentes UU.DD.

O emprendemento social e empresarial traballarase nas UU.DD. de Percusión corporal, Movémonos pola nosa contorna e Xogos tradicionais, xa que se proporá ao alumnado facer representacións ante os/as propios compañeiros/as, así como a organización dalgunha actividade no medio natural.

A educación emocional e en valores traballarase ao longo do curso a través das diferentes UU.DD.

A igualdade de xénero está presente en todo o currículo e polo tanto en toda a programación, especialmente a teremos presente en aquelas UU.DD. nas que os prexuízos poden influir nas ideas preconcebidas do alumnado.

A creatividade, aínda que presente en todas as tarefas motrices, traballarase principalmente nas unidades de Percusión corporal e Actividades ximnásticas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Torneos deportivos no centro.	Durante este curso realizaranse torneos deportivos durante os recreos a partir do primeiro trimestre.	X	X	X
Xogos deportivos intercentros.	Durante este curso realizaranse algunha xornada deportiva con centros da contorna a partir do segundo trimestre.		X	X
Xogade- modalidade do Plan Proxecta " Proxectos de Vida Activa e Deportiva".	Participaremos nas modalidades de Campo a Través e Bádminton.	X		
Visita guiada nunha andaina polo Campus Universitario Lagoas-Marcosende en Vigo	Realizarase unha andaina incluída no programa Bosque Atlántico para traballa en 1º da ESO de forma interdisciplinar.		X	
DAFIS- modalidade do Plan Proxecta " Proxectos de Vida Activa e Deportiva".	Farase unha valoración da condición física do alumnado.			X

Observacións:

- Na organización e desenvolvemento dos torneos durante os recreos haberá unha implicación por parte do alumnado: elaboración de inscricións, cruces, arbitraje...

- As modalidades XOGADE e DAFIS forman parte do Plan Proxecta " Proxectos de Vida Activa e Deportiva - PVAD".

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizo a programación de Educación Física tendo como referencia o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
Selecciono e secuencio de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
Programo actividades e estratexias en función dos criterios de avaliación e dos contidos..
Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e auto avaliación que permiten facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao en que alcanzan as aprendizaxes.
Teño en conta o procedemento xeneral, que concreto na miña programación de aula, para a avaliación das aprendizaxes de acordo coa Programación de Área.
Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos dun tema, de Unidade Didáctica, de novos bloques de contido.
Cumpro a temporalización prevista no desenvolvemento dos contidos.
Aplico criterios de avaliación e criterios de cualificación en cada un das UD de acordo coa programación de área.
Reviso e corrixo frecuentemente os contidos, actividades propostas dentro e fora da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.

Metodoloxía empregada
Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
Expoño situacións introdutorias previas ao tema que se vai a tratar (traballos, diálogos, lecturas...).
Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
Informo ao alumnado sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
Comprobo que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso.
Expoño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos...
Comprobo que os alumnos comprenderon a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso.
Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dando pistas...
Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e, favorezo procesos de auto avaliación e coavaliación.
Corrijo e explico os traballos e actividades do alumnado e, dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Uso estratexias e procedementos de auto avaliación e co avaliación en grupo que favorezan a participación dos alumnos na avaliación.
Emprego de recursos multimedia no desenvolvemento das diferentes unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.
Distribúo o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase).
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos para utilizar... etc, controlando sempre que clima de traballo sexa o adecuado.
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.
Medidas de atención á diversidade
En caso de obxectivos insuficientemente alcanzados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
Relaciono os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.
En caso de obxectivos suficientemente alcanzados, en curto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.
Teño en conta o ritmo de aprendizaxes do alumnado e, en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe.

Clima de traballo na aula
As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que estes establecen entre si son correctas, fluídas e non discriminatorias.
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa achega de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.
Estimulo a participación activa do alumnado na clase.
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxestións e achegas.
Proporciono situacións que facilitan ao alumnado o desenvolvemento da afectividade como parte da súa educación integral.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesorado de apoio).
Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, Departamento de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, o doutros profesores e o do Departamento de Orientación.
Utilizo diferentes medios para informar a pais/nais, e profesorado dos resultados da avaliación.

Descrición:

Para avaliar as diferentes categorías "Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico", "Metodoloxía empregada" e "Organización xeral na aula e o aproveitamento dos recursos", utilizarase unha lista de control onde queden reflectidos cada un dos indicadores mencionados anteriormente.

Na avaliación do "Clima de traballo na aula" empregaranse dous instrumentos: un cuestionario dirixido ao alumnado e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.

Para avaliar as "Medidas de atención á diversidade" empregarase unha escala de valoración onde se lle otorgará un valor a cada un dos indicadores: acadado, parcialmente acadado e non acadado.

A "Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais" será avaliada mediante unha listaxe de control. Avaliarase se as familias e o alumnado foron informados en tempo e forma dos contidos desta programación didáctica a través da páxina web do centro, da evolución do alumnado mediante entrevistas (titorías pais/nais) e se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma. Tamén quedarán reflectidos na mesma listaxe os catro indicadores referentes á coordinación co resto do equipo docente.

Os resultados obtidos na avaliación dos diferentes indicadores faranse constar no seguimento de cada avaliación didáctica e da avaliación final e servirán de base a para a elaboración de propostas xerais de modificación e/ou mellora para o curso seguintes.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta

sección indicárase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao rematar o trimestre, onde se analizaran as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao rematar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados

1. CONDICIONANTES NO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Debido á situación extraordinaria que imos ter durante este curso debido ás obras nas instalacións deportivas do Concello de Sanxenxo, que emprega o centro para o desenvolvemento das sesións de Educación Física, a programación poderá necesitar axustes na temporalización das diferentes unidades didácticas.

Outro factor que condicionará a temporalización e a utilización dos recursos materiais é o feito de que hai dous grupos de 1º da ESO que coinciden nunha das sesións semanais.

2. GRAVAVIÓN DE SESIÓN DOCENTES E EXAMES.

- Os profesores da materia, no exercicio da súa función educativa, poderán realizar gravacións dalgún exame práctico do alumnado como medio utilizado para a corrección do mesmo ou como visionado para a corrección de xestos técnicos relacionados coa práctica deportiva.
- Advertirase previamente ao alumnado da gravación da proba. Na Aula Virtual do centro, dentro do curso de Educación Física, publicarase a información do tratamento de imaxes en cumprimento do artigo 13 do RXP de acordo coas cláusulas tipo que achegue a Consellería.